

Prisciliano, un símbolo para un país


A foto que fala

Hebrón, Cisjordania. Un home ondea unha bandeira palestina durante os enfrontamentos coas forzas de seguridade israelís.



O trasno Prohibido facer o ben

Daniel López Muñoz



O DOS ZOCOS: Non se vale dar cargas, ¿eh?

Castelao debuxouno: un rapaz calzado advirte a outro cos pés descalzos que non se vale dar cargas. A neutralidade é as veces imposible.

A lingua en situacións como a galega, tamén é unha cuestión moral. Sei que isto resulta inconcibible para a maioría. Para a maioría electoral –ten razón don Alberto– é algo neutro, coma o orballo, a caldeirara de raia –quizais non tan importante– ou a urbanización da costa. Para unha parte crecente da minoría, tristemente, tamén é un mero instrumento, útil no campo de batalla, prescindible en tantas outras ocasións.

A moral, palabra masacrada, non vai de condóns, ritos e remontadas futbolísticas. Si ten que ver con vivir con coherencia. E cos principios, que tamén están en crise de identidade –que xa o dicía Marx, don Groucho, “eu teño os meus principios, pero se non lle gustan, ...teño outros”

Se o Consello de Europa publica a Carta Europea das Linguas Minoritarias é porque está facendo unha “orientación de valor”. Porque nesa carta, orientadora das políticas dos países que a ratifican –como o Reino de España, que o fixo en abril de 2001– instase aos Estados non só a respectar, que tamén, senón a “facilitar e fomen-

tar” o uso destas linguas. Se non vale a neutralidade, é porque hai un valor colectivo recoñecible e recoñecido.

En Galicia está documentado o retroceso no uso da lingua propia. Un ex-profesor de universidade, chamado Anxo Lorenzo, describíao así no 2002, nun Congreso Mundial en Barcelona, falando sobre as políticas lingüísticas: “Parece que tales esforzos normalizadores nin deteñen o proceso substitutorio nin supoñen, no fondo, un contrapeso efectivo”. Por iso, que, nesta cuestión, hai sitio para unha pregunta moral: Como o meu comportamento coopera, é indiferente ou contrarresta ese proceso.

O decreto do líolingüismo pode crear esta situación: que a unha profesora capaz, motivada e decidida a dar a súa materia en galego lle sexa prohibido facelo; que a un profesor incapaz, desmotivado, e decidido a nunca falar en galego lle sexa encomendada a docencia en galego.

A pataqueira é impresionante. Se hai espazo para a moral, a obxección de conciencia é lexítima e os tribunais non tardarán en recoñecela. Recomendolle a don Anxo, que xa non é profesor, que a regule nunha disposición adicional. Porque isto vai ser moito.

Editorial Cordialidade ou xustiza?

Un dos *grandes* argumentos políticos do Presidente do goberno galego –véxase o caso lingüístico, pero non só aí– consiste en posicionarse coma o pai da concordia e a amabilidade. Tamén Zapatero gusta de presentarse ante a sociedade coma abandeirado do consenso e das chamadas a *remar todos na mesma dirección*. Deixando o da lingua, onde a cordialidade e a igualdade reais brillan pola súa ausencia, entendemos que, efectivamente, e sobre todo en tempos de crise, todo o que se poida botar a andar entre todos, con consenso e pensando máis no interese do país ca no propio (partido), ha ser saudado con ledicia e así o defendemos en editoriais anteriores.

Porén, a cordialidade nunca pode estar por riba da xustiza. A política non é tanto a concreción de onde deben ser colocadas as luminarias da rúa, senón a plasmación pública dun programa que procura un modelo de sociedade, no que ten algo que ver a ética individual e, tamén, a colectiva. No momento que se substitúe a busca da xustiza (un concepto ético-político) pola mol cordialidade (que se refire ás formas, non ao fondo dun asunto), renúnciase dalgún xeito á tensión propia da democracia e apóstase

se máis ben por un sistema moi semellante ao que, por desgraza, se vive na igrexa xerárquica, onde esas formas, mesmo as simples aparencias, dominan sobre o fondo. Hai exemplos a cestas: temos en Galicia bispos, sen irmos máis lonxe, que atesouran coma logro salientable, seren boas persoas (cordiais, amables), desapa-

Se a política non busca avanzar na xustiza senón só manter as formas, é unha fraude á democracia.

recendo do seu currículo calquera referencia a unha aposta ousada pola xustiza, polo cambio valente, por un necesario profetismo, aínda que reporte conflito. Se como defenden, Europa –desde Santiago a Roma– é unha obra de raíz cristiá, deberían non esquecer que o fundador do cristianismo non foi precisamente alguén que, entre confort e xustiza, optase polo primeiro.

Se a política non busca avanzar na xustiza senón só manter as formas, é unha fraude á democracia.

Tanto ten se a política é lingüística, fiscal, de igualdade, social ou educativa: nunca a “amabilidade” poderá se argumento para a renuncia á conflictiva superación de desequilibrios históricos entre grupos, clases, poderes e territorios.

Rumores de esperanza

Xan Guillén



Cando eu fun adolescente tiven que ler “obrigado” *El camino* de Delibes. Nunha tarde que prometía ser aburrida por culpa dun castigo (lembrede, estaba na adolescencia) comecei a lelo e non o soltei. Pasei a tarde nun mundo afastado, rindo e chorando coas historias de Daniel el Mochuelo, Las Guindillas, Roque el Moñigo. Todos os que lestes a obra sabedes do que falo.

Máis adiante lin *Cinco horas con Mario*, *Los santos inocentes*, *El hereje*... Foise un escritor grande. Dos que emocionan. A súa calidade é incuestionable para todos os que nos achegamos aos seus libros. Ademais Don Miguel era un autor que non necesi-

taba falar máis alto cós demais para facerse valer nin para promocionar os seus títulos. Precisamente nestes días dous escritores moi recoñecidos foron noticia pola presentación dos seus libros e polas súas declaracións.

Sei que este rumoroso ten a obriga de dar boas noticias e a morte de alguén non é unha boa noticia. O que é boa noticia é a vida de Miguel Delibes. Un mago das palabras que fixo amantes das letras a moitos coma min. Hai que recoñecer que é moi boa noticia que Deus nos dea o agasallo da imaxinación para ler e para crear. Grazas, Don Miguel, pola súa vida e a súa obra.

1



3



2



4



A peneira

1

A dimisión do xefe da Axencia Climática, polo fracaso de Copenhage, é un xesto exemplar na **ONU**, que en 64 anos co Banco Mundial e o Fondo Monetario incrementou a miseria. O presidente da Asemblea 2009, M. d'Escoto e o teólogo L. Boff, na foto, urxen reinventala para o Ben Común da Nai Terra e da Humanidade. Cómpre actualizar os dereitos, dende a Enerxía amorosa que acubilla o universo, e "sustenta cada un dos seres e que pode ser invocada, acollida e venerada".

2

No Día do Amor fraterno, lembramos en Europa o ano para loitar **CONTRA A POBREZA** e a exclusión nun continente onde hai 80 millóns de pobres, o 16%. Os máis afectados son Letonia (26%) e Romanía (23%). Un 19% son nenos e o 20% maiores. 19 millóns non teñen aseo. Na capital, Bruxelas, morren 30 ao ano na rúa (300 camas para 1200 sen fogar). Aquí, a Cruz Vermella atendeu 1200 persoas sen teito (o 64%, parados).

3

A familia denuncia o ruín proceso contra Humberto Baena, un dos derradeiros fusilados do franquismo, reflectido en "Setembro 75", premiada na Semana de Cine de Valladolid. **AXUSTIZADOS** coma Xesús de Nazaré, con sentenzas arrepiantes. Urxe rehabilitalos coa lei da Memoria. Vai debaterse a Iniciativa Popular pola Lei da verdade, xustiza e reparación para vítimas do xenocidio, e posterior impunidade, conforme á ONU e o dereito internacional.

4

Sogama fica na incineración e contra a **COMPOSTAXE** ecolóxica. Recibe lixo do 80% de fogares, o dobre do que trata con valoración enerxética. Recupera un 10% en enerxía. A metade vai ao vertedoiro, e converte o 40% incinerado en gases. Do medio millón de toneladas de lixo que trata ao ano (Galiza xera 1.200.000), 50.000 son cinzas, que afectan a saúde de traballadores e pobo. Un cidadán xera 1,4 Kg. de residuos/día, a metade cómpre reutilizala.



6



8



5



7

Alfonso Blanco Torrado

5

Un **VENRES SANTO** trouxo paz a Belfast, froito da cruz do Nazareno, agora coroada, coa cooficialidade do gaélico por Dublín, nunha vaga de solidariedade. A liberación dos presos coordinada polo surafricano, B. Currin, igual ca de 2000 detidos políticos coa chegada de Mandela no 1994, e os músicos irlandeses, Bono de U2, ou Geldof de "Band Aid", loitan pola liberdade en África, fieis ao seu himno: "algúns de nós vimos de máis aló das ondas".

6

Os eólicos rematan coa **BOLBORETA** "erebia" no Xistral, na foto, e os que eliminan as silvas nas ribeiras do Miño, coa "ninfa do bosque". Mentres, a "branquiña da col" veu un mes antes. Os indíxenas de México acollen millóns de "monarca", coma almas dos antepasados. Voan 4000 Km., dende os Grandes Lagos, para reproducírense. Viven 9 meses, sen retorno, para vestiren as árbores de ámbar e negro. Son 2000 especies, 60 delas en Inglaterra, un país co 12%, 23 millóns hectáreas protexidas.

7

Castro de Rei arrequeunta o patrimonio coa Rota da Escrita: 21 poemas lembran a Terra Chá, patria poética, e a **VIA CRUCIS** que se fai arestora, subindo o monte que preside o Sagrado Corazón de Xesús (1931). Na foto, o párroco, Xosé M. Carballo, animador destas iniciativas e moitas máis. Paga a pena a visita, primeiro un castro, despois a fortaleza, bicada polo Azúmara, cantado por Ilesia Alvariño que ía alí á escola.

8

As árbores que se tiran polo pé prexudican os **PAXAROS**, que as necesitan para comer, protexérense do frío na noite e ir facendo niños. Estamos privándonos da música do ferreiriño, dos xogos en grupo, saltando, das cores feiteiras. Son necesarios, para equilibrar a saúde, porque se alimentan de insectos, ás veces prexudiciais. Cómpren medidas antideforestación, coma as dos alumnos de Triacastela, colocando comederos e caixas-niño.

Política Igualdade no trato

Pedro Pedrouzo



A pasada fin de semana coincidín no aeroporto de Santiago cun político que coñezo desde hai uns anos. Falando de como quedaron as cousas despois das últimas eleccións galegas, coincidiamos en comprobar con certa preocupación o desánimo que cunde entre moitas das persoas que no seu tempo votaran por un cambio que non se materializou segundo elas esperaban.

No medio da conversa, eu comentei que a principal ideoloxía que me move, e a que creo que máis necesita esta perfecta esquina na que vivimos é a concorrencia. Unha forma de entender a xestión pública que non sempre é compartida.

Adoitamos valorar os éxitos e fracasos dun goberno na súa capacidade de facer cousas, os números mandan: cantos cartos se gastaron, cantas escolas se construíron, cantos quilómetros de estrada se inauguraron, etc. Porén, raramente afondamos na forma na que se gastan eses cartos.

A concorrencia consiste en orientar a actuación pública cara á igualdade de trato. Consiste en premiar ao que mellor fai as cousas, non ao máis próximo ideoloxicamente. Cada ano millóns de euros públicos gástanse para contratar persoal, xestionar servizos públicos, adquirir equipos, etc. Desde atender o teléfono da muller ata contratar o control de verquidos industriais aos ríos; desde xestionar un centro de día ata coidar un xardín público. Todas estas accións deben ser guiadas por uns principios: que empresa pode facelo mellor, que empresa se esforza máis en ter preparados os seus traballadores, respecta mellor a normativa ambiental e laboral, ofrece servizos que redundan en maior

benestar social, mesmo innova con ideas que ás veces a propia administración descoñece.

Hoxe en día temos a xeración mellor preparada de galegos que están en condicións de ser estupendos médicos, educadores, enxeñeiros, arquitectos, etc. Mulleres e homes aos que se lle ofreceron inmensos recursos

educativos e que agora están en condicións de devolverlle á sociedade unha parte aumentada do que recibiron. Só necesitan unha oportunidade. Esa oportunidade só se lles pode dar se a administración contrata cos que demostran unha maior preparación, non os que mellor saiban moverse nos despachos.

Por suposto, o meu amigo cualificoume de iluso. Mentres, eu pensaba nos millóns de euros que teremos que devolver á Unión Europea precisamente por saltar eses principios cando gastamos os cartos que nos concederan, sen falar de como gastamos os que son propios. Algún día deberíamos pedir explicacións sobre o seu uso, pero tamén sobre as inmensas cantidades que quedan sen usar e volverán a Bruxelas emigrando igual que as xeracións de galegos que encontran demasiado raquítico o noso mercado para poder buscarlles traballo.

a concorrencia consiste en orientar a actuación pública cara a igualdade de trato



O Peto do Santo Antón

Rubén Aramburu

Estudaba eu na escola e o profesor de sociais falounos dun bispo aló na América que era a voz dos que non tiñan voz. Aquela frase impresionárame moito, a voz dos que non tiñan voz, dos que lles quitaran a voz. Recordaba cando a avoa nos mandaba calar, mirando con medo arredor, cando os nenos facíamos chistes de Franco e pensaba que debía ser algo parecido a aquilo de non ter voz. Hai 30 anos, Monseñor Romero puxo por última vez a súa voz ao servizo de quen non a tiña, o pobo salvadoreño: No nome de Deus, cese a Represión! "O anxo do Señor anunciou na véspera..." escribiu Casaldáliga. Ao día seguinte o sangue do corazón de Romero, rebentado por unha bala asasina, mesturouse co sangue de Cristo que elevaba no cáliz durante a misa.

Máis de 75.000 mortos e 15.000 desaparecidos deixou no Salvador, aquela brutal represión financiada pola política norteamericana... como en Guatemala, Chile, Arxentina, Honduras e a pequena Nica. En Panamá tiñan unha academia onde aprendían a asasinar e torturar e atrevíanse a chamala Escola das Américas!

O día antes de morrer, celebraba Monseñor o quinto domingo de coesma, e igual que este ano saía o evanxeo da muller adúltera: "Muller ninguén te condena, eu tampouco, vai e non peques máis". Ao Maior do exército salvadoreño, Roberto d'Aubuisson tampouco o condenou ninguén. Foi o cerebro dos Escuadróns da Morte, o instigador de milleiros de mortes, entre elas, Oscar Arnulfo Romero. Mesmo lle fixeron un monumento e nomeárono fillo de non sei qué do Salvador. Morreu moi novo, dun cancro terrible. Hoxe a súa vida provoca repugnancia en todo o mundo. Con todo, eu imaxino a Romero, como a Xesús, agachado e escribindo sobre a area e dicíndolle a este tipo: - Anda, eu tampouco te condeno, vaite e non mates máis...

Xa sei que é duro, meu, pero éche o único camiño que muda os corazóns e o mundo, son os vieiros da paixón. Seremos capaces? Resurrexit!!!



O CARRABOXO UXO por ROBE LOIS



Entrevista con Victorino Pérez Prieto

Redacción



Victorino Pérez, cura, doutor en teoloxía, profesor; membro da “Asociación de Teólogos Juan XXIII”, do “Centro Intercultural Raimon Panikkar”, tamén de colectivos como a “Asociación de Escritores en Lingua Galega”. Militante activo na Igrexa galega e no galeguismo desde hai máis de trinta anos, foi director de Irimia e colabora con Encrucillada e outros medios como A Nosa Terra, Tempos Novos, Grial,... así como en diversos xornais galegos. Ultimamente enfoca o seu traballo intelectual e docente a cursos universitarios sobre interculturalidade e interrelixiosidade.

Victorino acaba de publicar o seu último libro: Prisciliano na cultura galega. Un símbolo necesario. Un libro que se suma a un feixe de obras publicadas nos últimos vinte anos, dos que Irimia se foi facendo eco (entre outros: A xeración “Nós”. Galeguismo e relixión; Galegos e cristiáns; Do teu verdor cinguido. Ecoloxismo e cristianismo; Con cordas de tenrura; Os ríos pasan cheos de Deus. Poesía relixiosa en galego; Más allá de la fragmentación de la teología el saber y la vida: Raimon Panikkar; Dios, hombre, mundo). A aparición deste libro sobre Prisciliano coincidiu cunha polémica con persoas e grupiños ultracatólicos, que o veñen perseguindo desde hai tempo, especialmente desde que casou, e con algúns xerarcas episcopais. Unha polémica que el non buscou, pero na que se viu inmerso ao seu pesar.

Por que este libro sobre Prisciliano?

O meu interese por Prisciliano non é de agora. En *A Xeración Nós. Galeguismo e Relixión*, fixen un primeiro achegamento a Prisciliano da man do meu admirado Otero Pedrayo. O segundo foi en *Galegos e cristiáns*, poñendo a Prisciliano a carón doutros egrexios galegos de onte e hoxe. Aínda volvería achegarme ao noso mártir simbólico noutras ocasións. Pero o punto de partida inmediato foi a participación no I Simposio sobre Prisciliano, organizado en Santiago, para o que me pediron un relatorio. O libro encádrase, pois, nunha das miñas teimas desde que empecei a escribir: a realidade histórica e a necesidade dun cristianismo realmente inculturado na Galiza, comprometido co seu pobo, coa súa lingua e coa súa cultura.

Por que Prisciliano é “un símbolo necesario”?

Todos os pobos necesitan mitos, símbolos para ser, para existir. “O símbolo dá que pensar”, escribiu xenialmente Paul Ricoeur, e Galiza necesita repensarse, recrearse, coma unha realidade con raíces e non un invento de

agora. Prisciliano é un símbolo necesario para Galiza, porque está nos seus alicerces. Porque “o sangue de Prisciliano aínda hoxe bule no fondo da alma galega”, como escribiu Castelao, que o pon á cabeza dos inmortais galegos. Prisciliano foi un mito mobilizador nas orixes da cultura galega, e logo no Rexurdimento e en figuras coma Otero Pedrayo, Castelao, Portela Valladares... e pode volver selo na Galiza actual. Non importa que non fora “o derradeiro druída” do que falou Murguía, aínda que amara afervoadamente a natureza e gustara rezar nos bosques.

Que queda de Prisciliano?

Dalgunha maneira, todos os galegos seguimos sendo priscilianistas, pois, como xa escribiu o profesor López Pereira, el é “a pedra angular sobre a que se asenta a cultura galega”. Alén desta realidade histórica, o que nos queda do priscilianismo é a memoria mítica da forza que o movemento tivo na cultura galega e a marca indeleble deixada na alma galega, na realidade relixiosa e antropolóxica galega, sobre todo a nivel das crenzas subxacentes e do inconsciente colectivo. Un Prisciliano home libre, mobilizador da lexitimidade do pobo galego fronte á intransixencia allea, mobilizador dun pensamento e dunha lexitima identidade galega, dun

Prisciliano home libre, mobilizador dun cristianismo lexitimamente galego...



cristianismo lexitimamente galego... E temos, ademais, unha expresión do seu proxecto cristián; unha Igrexa galega que quere ser fiel as raíces de Galiza: Irimia, coas súas publicacións e Romaxes. Estas teñen un xeito moi “priscilianista,” buscando lugares particularmente hierofánicos (ríos, montes...) por Galiza adiante. Irimia é consciente de que o factor cristián foi configurador de Galiza desde moi antigo e pode tornar a ser dinamizador da conciencia galega. Falar de Prisciliano é falar dunha Igrexa máis democrática, de iguais, na que as mulleres teñen igual dereito cós homes á formación, ao ensino teolóxico e ao ministerio sacerdotal ordenado. Por iso lle cortaron a cabeza.

Ten algo que ver este xeito de Igrexa e de ser cura coa polémica suscitada nos medios verbo da túa persoa, por ser un cura casado e presidir a eucaristía nunha comunidade?

Seguramente. O rebumbio armárono individuos e grupíños ultra-católicos, intolerantes blogadictos agochados no anonimato, e que desde hai un tempo veñen tendo a cobertura de webs fascistas; eles mesmos denomínanse como a necesaria “Inquisiter-net,” ante a presunta laxitude da xerarquía para condenar a curas críticos e presuntas “misas heréticas” como as das Romaxes. Tēñenma xurada desde

hai tempo, quizais por escribir e manifestarme sempre con liberdade, “a pesar” de ser cura; cargaron sobre todo contra min desde que casei, encirrados por mentiras dun psicópata ferrolán, diagnosticado clinicamente como tal. Souberon do meu apoio ao benemérito Manuel Espiña na Misa da súa comunidade Home Novo e, precisamente, dous días despois da súa morte, sen o máis mínimo respecto pola súa memoria, volveron á carga, presionando aos bispos, pusilá-

Chovéronme solicitudes de entrevistas para radio e TV; aínda que me neguei á maioría, sobre todo a estas últimas, fixen algunhas precisións para algún xornal. Non ocultei que celebraba a Eucaristía coa comunidade Home novo; precisamente por encargo explícito do propio Manuel Espiña coa aceptación e o agradecemento da comunidade.

Por outra banda, xa tiña participado como presbítero en celebracións noutras ocasións nos últimos tempos,


Non pedir a secularización foi unha postura moi consciente tomada por min de acordo coa miña muller

nimes, até que a noticia saltou a prensa, sobre todo polos comunicados do arcebispado de Santiago e o bispado de Ferrol. Sobre todo este último, vergoñentamente, mandou o seu comunicado aos medios sen mo ter comunicado antes a min; cousa que semellaría ser o normal. Logo dixéronme que foi en resposta a que eu dixera que “o meu bispo”, o de Ferrol, coñecía o caso; un titular fóra de contexto nunha entrevista nun xornal na que falaba de Manuel Espiña; cando, evidentemente, eu non puíden dicir que era tal, pois non é “o meu bispo” desde hai catro anos.

despois de casar. E isto sabíao moita xente. Nunca o ocultei, aínda que non o andaba pregoando publicamente.

Esta decisión de manterte como sacerdote a pesar de casar, é unha cuestión túa, ou realmente estase producindo un “cambio de tendencia” fronte ao que pasaba antes, que os curas casados optaban por solicitar a secularización.

Si, o non pedir a secularización foi unha postura moi consciente tomada por min de acordo coa miña muller, Christina, por varias razóns. Pero non



estabamos sós niso. Fíxeno, en primeiro lugar porque sigo sentíndome cura e *sei que sigo sendo cura*; coa posibilidade de exercer o ministerio para calquera persoa ou comunidade que mo pida (“por causa xusta”; a teor do canon 1335 do CIC). Ao mesmo tempo, porque a chamada “redución ao estado laical”, que aceptan os que piden a secularización tendo que renegar do que foi tan importante na súa vida, paréceme unha grave ofensa ao meu sacerdocio, “reducido” a unha especie de estado de liliputiano, e aos mesmos leigos, que aparecen xa de entrada como cristiáns “reducidos”, de segunda, da “clase de tropa”, sen máis capacidade que a de obedecer. Un bispo, tras felicitarnos –e non foi a única xerarquía en facelo-, díxonos a Christina e a min: “Por favor, non entredes nese xogo deplorable!”

Efectivamente isto é cada vez máis normal. Coma min, hai miles de curas en España e no mundo que casaron e seguen sendo e exercendo, como

recoñecía o MOCEOP nun texto apoiándose: “É triste que os bispos galegos salten agora ante este caso concreto, cando saben que en Galicia, en España, en Latinoamérica... somos miles e miles os sacerdotes que o estamos a facer”. As cousas tiñan que ter cambiado desde arriba, desde as normas, hai moito tempo; pero vese que, ao remate, só van poder cambiar desde unha praxe valente e dunha rebeldía profética consciente. O mesmo están a facer as mulleres para forzar que a Igrexa acepte o seu dereito a acceder ao sacerdocio ordenado. E isto é imparable.

As cousas son cambiarán desde rebeldía profética consciente

Mentres a Igrexa se empeña en renunciar ao enorme potencial de contar cos curas casados, xorden voces tan autorizadas como a do arcebispo de Viena, vinculando os casos de pederastia co celibato obrigatorio. Hai relación? Por que aínda o celibato obrigatorio?

A obriga do celibato para os sacerdotes –non a posibilidade opcional– non ten futuro; e tivo un pasado certamente penoso, producindo máis males que bens, angustias, desequilibrios... abusos e morte; porque non se lle poden poñer portas ao vento. Ademais, é sabido que non debe ser algo tan fundamental, cando a Igre-

xa católica admite actualmente polo menos dous tipos de curas casados: os miles de curas de rito oriental, e os centos de curas casados que viñeron coas súas mulleres do anglicanismo.

O celibato como control e o ministerio sacerdotal como poder son antievaxélicos. Un “poder” que vén –tremenda falsidade– pola presunta “pureza” que deriva da privación da sexualidade en parella. O que facemos cada vez máis curas é precisamente dicirlle ás claras á xerarquía: Non tedes razón, e sabédelo, por moita teoría do excelso do “amor indiviso” que lle metades aos seminaristas; tedes que “mover ficha”, nós xa o fixemos.

“Axudádenos a respirar”, pedíanlle hai uns días un numeroso grupo de persoas a dous grandes teólogos: Javier Vitoria e José Ignacio González-Faus, que tamén ousan falar sen medo. Porque a realidade é que a Igrexa é cada vez máis “unha masa sen levedo, unha terra sen gran”, como lía recentemente en Antoine de Saint-Exupéry (*Citadelle*), aínda que sen referirse expresamente á Igrexa, senón ás institucións sociais. A súa frase xenial remata dicindo: “Vós *administrades* en lugar de *guiar*. Non soades máis que testemuñas estúpidas”

A Coordinadora de Crentes Galeg@s convida a participar na **Asemblea de Crentes Galeg@s que terá lugar o sábado día 17 de Abril no Centro Don Bosco (Belvís nº 2) de Santiago de Compostela.**



Este ano escollemos como Tema, **A nosa vivencia do seguimento de Xesús.** Pretendemos compartir neste contexto histórico social no que vivimos, as reflexións sobre a vivencia do noso seguimento de Xesús nos grupos e comunidades que conformamos á Coordinadora. Unha reflexión aberta a outras persoas e grupos interesad@s en compartir con nós o seu propio ser cristián ou cristiá. Para iso propoñemos como traballo previo a reflexión individual e en grupo sobre estes 4 aspectos:

- 1.- A nosa vivencia do seguimento de Xesús a nivel persoal
- 2.- A nosa vivencia do seguimento de Xesús a nivel grupal.
- 3.- As nosas celebracións.
- 4.- A relación coa sociedade cívil, cos movementos sociais, os nosos quefaceres para facer un mundo máis xusto.

Con estas premisas, o **Programa da Asemblea** é o seguinte:

- 10:00 H: Acollida
- 10:30 H: Presentación e Motivación da Asemblea.
- 11:00 H: Traballo por grupos (sobre os puntos indicados antes).
- 12:30H: Descanso
- 13:00H: Posta en común e Conclusións do Traballo por Grupos.
- 14:30H: Xantar compartido
- 16:30 H: Celebración
- 18:00 H: Remate da Asemblea e Informacións varias.

Trátase, máis ca nunca, dunha Asemblea aberta na que gustaríanos moito contar coa túa/vosa participación para enriquecer as nosas reflexións e para ir facendo Camiño conxuntamente. Unha fraternal aberta

Coordinadora de Crentes Galeg@s

Ás furtadelas Economía: tres usos do diñeiro

Leonardo Boff

A Campaña da Fraternidade deste ano, agora ecuménica, vai propoer que os milleiros de comunidades cristiás, parroquiais e de base discutan o tema: Economía e Vida, tema central debido á crise económica mundial que deixou mais de 60 millóns de persoas desempregadas.

Trátase de rescatar o sentido orixinario da economía como a actividade destinada a garantir a base material da vida persoal, social e espiritual. Ela non pode ocupar todos os espazos como ocorreu nos últimos decenios. A sociedade mundial volveuse unha sociedade de mercado e todas as cousas, desde o sexo á Santísima Trindade volvéronse mercadorías coas cales gañar diñeiro. A economía forma parte dun todo maior.



Tres espazos da actividade humana

Para facilitar a comprensión, distingo tres espazos da actividade humana, un dos cales é ocupado pola economía. En primeiro lugar, somos seres de necesidade: necesitamos comer, beber, ter saúde, habitar, e outros servizos. Nestes asuntos, todos dependemos uns doutros para atender a esa infraestrutura. É o campo da economía.

En segundo lugar, somos seres de relación: colaboramos cos outros, instauramos dereitos e deberes, observamos leis e xuntos construímos o ben común. É o lugar da política.

Para rematar, somos seres de creación: cada persoa posúe habilidades, non só reproduce o que esta aí senón que crea, exerce a súa liberdade e fai que a sociedade avance. É o ámbito da cultura.

Cales son os tres usos do diñeiro?

Todos se entrelazan, aínda que haxa conflitos que non invalidan esta estrutura básica. Imos concentrarnos nun capítulo fundamental da economía que é o uso do diñeiro. Ao principio non había diñeiro senón troco: eu douche un quilo de arroz e ti dásme tres botellas de leite. Reinaba a relación directa e a confianza en que os trocos eran xustos. Pero ao sofisticarse a sociedade, entrou o diñeiro como medio de troco. E aí xurdiu un perigo, porque diñeiro significa poder que obedece a esta lóxica: «quen non ten, quere ter; quen ten, di: quero ter máis; e quen ten máis, di: nunca abonda». Entón xorde a posibilidade de gañar sen traballar, o diñeiro facendo diñeiro.

Pero o diñeiro ten tres usos lexítimos que son: comprar, economizar e doar. O diñeiro para comprar é necesario para o consumo do que necesitamos. Aínda así, sempre debemos preguntarnos: compro porque o necesito ou sigo a propaganda ou a moda? O fabricante explota os traballadores? Ao producir respecta os dereitos humanos e a natureza ou usa demasiados pesticidas? Este diñeiro é para o hoxe.

O segundo uso do diñeiro é para economizar. É algo para o mañá. Non sabemos as voltas que dá a vida: enfermidade, desemprego, pensión insuficiente. Moitos nin sequera conseguen economizar, consomen todo na súa supervivencia. Pero se sobra, onde pór ese diñeiro?

Deixalo baixo o colchón é diñeiro morto que non produce nada. Aquí xorden os bancos, que gardan o diñeiro. Fano render, ao prestalo a quen quere produ-

cir e non dispón de capital propio. Este recibe o diñeiro como préstamo pero faino render na produción, paga xuros ao banco e unha parte pasa ao dono do diñeiro. Unha persoa consciente quere saber a quen se presta o seu diñeiro: para construír armas, para apoiar empresas que destrúen a natureza? Extraordinaria foi a decisión de Bangladesh e de Brasil de crear o microcrédito para apoiar a pobres que queren producir.

O terceiro uso do diñeiro é para doar. O diñeiro non é para acumulalo senón para facelo circular. Se atendo de xeito suficiente e decente as miñas necesidades, se teño economías que me dan certa tranquilidade para o futuro, se teño garantido o benestar e certo futuro para a familia, a doazón é un xesto de gran desprendemento. Expresa a gratitude polo don da vida, da saúde, do amor recibido dos outros. É altamente ético doar para os damnificados de Haití, para apoiar proxectos de loita contra a prostitución infantil, ou garderías para as poboacións da periferia. E aí sentimos que ao dar recibimos a alegría impagable de facer o ben e de amar aos outros.



IMPRESO PARA FACERSE SOCIO DE IRIMIA OU SUBSCRIBIRSE Á REVISTA

Se queres facerte socio, subscribirte á revista IRIMIA (ou coñeces a alguén que lle poida interesar recibir de balde os tres próximos números da revista) recorta este impreso e envíaó Apartado 980 15705-Santiago de Compostela, ou escribenos a irimia@wanadoo.es ou subscripciones@asociacion-irimia.org

NOME: APELIDOS:
 ENDEREZO:
 CÓD. POSTAL: CONCELLO OU CIDADE: PROVINCIA:
 TELÉFONO CORREO ELECTRÓNICO

QUERO SER SOCIA/-O: 3 €
QUERO SUBSCRIBIRME: Ordinaria: 24 €
 De apoio: 36 € Subscrición anual (22 números)
60 €

QUERO SER 60x100:

DOMICILIACIÓN
 BANCO OU CAIXA E AFORROS:
 DOMICILIO DO BANCO: CÓD. POSTAL:
 CONCELLO OU CIDADE: PROVINCIA: TITULAR DA CONTA:
 Nº de CONTA: _ _ / _ _ / _ _ / _ _

Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.


En a de de 200__
 Atentamente.

Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.
 Conta: CAIXA GALICIA: 2091-0349-45-3040005822
 BBVA 0182-0267-15-0207905484

Remol segue aí

Remol segue aí

O servizo litúrxico Remol segue alimentando a vida das comunidades. Desde o seu correo electrónico, remol@gmx.es, podemos recibir semanalmente os materiais elaborados por este equipo para a dinamización das nosas celebracións, con suxestións para a oración e os cantos, ademais das lecturas do domingo que corresponda.



Tamén temos a posibilidade de acudir na procura do material ás seguintes páxinas da internet:

<https://sites.google.com/site/celebrarremol>

<http://remoldapalabra.blogspot.com>

<http://www.servicioskoinonia.org/cerezo/dibujosC>

É un traballo calado pero continuo ó longo dos anos que ben merece ser celebrado. O noso agradecemento ó equipo que o fai posible.

**Prisciliano,
un símbolo para
un país**

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

EDITA: Asociación A. IRIMIA

FEITO EN PAPEL RECICLADO



MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lina Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedron Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

SUSCRICIÓN: Apdo. 980 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253 / subscricions@asociacion-irimia.org

SUSCRICIÓN: ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros. **Correo electrónico** - irimia@wanadoo.es

CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago / BBVA 0182-0267-15-0207905484

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.300 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Ninfa, Riveiro, Martínez

IMPRIME: Artes Gráficas LITONOR S.A.L.

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://www.vieiros.com/canais/26/canal-irimia>

Boa Nova



O ECO

Son dos que nunca simpatizaron con todo estes fastos que se montan arredor da Semana Santa. Observando toda esta imaxinaría barroca que tanto gusta de Cristos sufrintes e Marías dolorosas, non consigo, por moito que o intento, entrar nesa pretendida emotividade que me achegue á mensaxe de Xesús. En realidade desagrádame a exposición pública de quen sofre, sobre todo cando non se buscan e combaten as causas dese sufrimento, veña en paso procesional ou en programa televisivo do "prime time". De gustarme algo, encántame escoitar cantar na Pascua de Resurrección, romper a seriedade do domingo a domingo e poder compartir un anaco de rosca co veciño. Ou participar dunha liturxia que nos fale e, fundamentalmente, nos invite á esperanza.

José A. Martínez

María Magdalena foi o sepulcro moi cedo (Xn 20, 1-9)

Nos recordos, que a través dos textos cristiáns, chegaronnos da fe dos/as primeiros/as discípulos/as na resurrección de Xesús, Magdalena ten sempre un lugar privilexiado: ela sempre é a primeira que atopa o sepulcro baleiro (unhas veces soa e outras acompañada doutras mulleres), porén a autoridade da súa testemuña vai diminuíndo con tempo ata quedar oculta detrás das nas tradicións que sobre as aparicións a María a nai de Xesús fóronse elaborando posteriormente, ou como neste texto de Xoán, situándoa nun papel secundario fronte a figura de Pedro e do discípulo amado. Con todo, a figura de Magdalena segue sendo relevante en todo o que supón a comprensión da resurrección do Mestre. Ela afrontou a perda do seu amigo e alí atopouse de unha forma nova con El.

Este relato móstranos unha síntese do camiño que a primeira comunidade fixo no proceso de encontro con Xesús resucitado. Nel destácase unha dobre mensaxe, por un lado a desaparición do corpo de Xesús (Xn 20, 2), que é en definitiva a experiencia de que xa non está fisicamente con eles/elas, mostra a tristura e decepción nos primeiros momentos, e por outro esa ausencia vai ser o camiño de encontro na fe co Resucitado (Xn 20, 8) que aquí o temos visibilizado na actitude do discípulo amado.

A redacción de esa experiencia que aquí fai Xoán, coloca a María no momento das ausencias, ao discípulo amado sendo capaz de dar o paso a fe, e a Pedro coma quen vai a vixiar todo o proceso (Xn 20, 6-7) ata a súa confirmación (Xn 21, 15-19). Na audacia desa testemuña sostense a nosa fe.

DOMINGO 4 DE ABRIL.
DOMINGO DE PASCUA
Xn 20 1-9

A PALABRA

O día primeiro da semana María a Magdalena foi ao sepulcro moi cedo, cando aínda era escuro, e viu que a pedra do sepulcro estaba quitada. Botou a correr e, chegando onda Simón Pedro e onda o outro discípulo a quen amaba Xesús, díxolles: "Colleron do sepulcro ao Señor, e non sabemos onde o puxeron". Pedro e mais o outro discípulo saíron correndo ao sepulcro. Corrían os dous á par. Pero o outro discípulo correu máis lixeiro ca Pedro, e chegou primeiro ao sepulcro. Abaixándose, viu que estaban os lenzos, pero non entrou. Entón chegou tamén Simón Pedro, que o seguía, e entrou no sepulcro. Viu os lenzos pousados alí. Pero o sudario que envolvera a súa cabeza, non estaba cos panos, senón á parte, enrolado noutro lugar. Entón entrou tamén o outro discípulo, que chegara primeiro ao sepulcro; viu e creu. Pois aínda non entendera que, conforme á Escritura, era preciso que resucitase de entre os mortos.

A CLAVE

Carme Soto

Falando da lingua Moas de muíño

Lidia e Valentina

Non podemos dicir que “nos saíu a porca capada” ou que “nos pariu a cocha cadelas”, non saíu o Anteprojecto do decreto do chamado “plurilingüismo” ao revés do esperado, pero chégalle ben! O caso é que empeorou aínda o borrador que coñecemos no que á lingua galega se refire. Mellorou a redacción, mudaron dúas cousiñas nimias e empeorárono noutros aspectos coma o de obrigar

a dar materias en castelán, como se alguén nesta comunidade non aprendese castelán dabondo, coma se o castelán necesitase protección no noso territorio!!!

Sabedes que hai alumnos en infantil que lle preguntaron a un contacontos: “Que es can?...” porque non o sabían, porque o galego para eles é unha forma de falar rara, unha lingua estranxeira... Se non o credes, preguntádesllo á nai de Iria, que lle fala galego á súa pequena de 4 anos, e os nenos do seu barrio de Santiago (cidade que se considera entre as máis galeguizadas) pensan que lle fala inglés!!! Comentario dos nenos: “La mamá de Iria le habla inglés!”. E se queredes preguntádesllo tamén ás e aos profes de infantil que lle piden aos cativos que lles digan os números en galego e estes responden: one, two, three... (feitos reais, que non os inventamos, por desgraza!)

Porque non hai ningún neno en Galicia que pregunte: “que quere dicir perro?”. Porque hai un lote de ado-

lescentes que entenden o galego pero non son capaces de dicir dúas frases seguidas nesta lingua, porque a Administración, da que podemos dicir que “se pon ao fresco” ou que “se saca de coidados” non pon os medios para protexer o galego, que necesita moita protección... Máis ben podemos dicir que o desprotexe, porque non é que “ande nas verzas ou nos biosbardos”, senón que sabe moi ben o que fai... Non hai máis que escoitar ao Conselleiro de Educación ou ao Secretario Xeral de Política Lingüística que xa “botaron a lingua a pacer” nestes días, “abriron a cancela” e nós xa nos demos conta do que pretenden...

E logo cando xa non haxa falantes de galego dirán... “Ah! Pois decidiuno a sociedade!!!” Claro, á sociedade que non se lle dá a oportunidade de aprender a súa lingua, de estudar na súa lingua, de aprender as matemáticas ou a tecnoloxía na súa lingua..., pois non a usarán!

E de perdidos... ao río! Vaites, vaites...



O Fachineiro da lingua

Que veña Lorenzo e que diga a verdade

Recentemente a Xunta deu o seguinte paso na escalada de ataques contra o galego e presentou, outra vez con aleivosía, o anteprojecto do decreto. O texto confirma a teima que ten o goberno en loitar contra calquera idea que supoña un uso pleno e normal da nosa lingua en Galicia e afástase de calquera norma anterior. Nese texto déuselle voz a quen nunca debeu tela, aos que nos queren deixar sen voz, aos ladróns de palabras -coma no conto de Sechu Sende. Antes, seguimos atónitos ao labor de zapa, ás mentiras repetidas ata a sucidade, aos afagos aos grupos de comunicación extremistas -e, polo tanto, afíns- e o silencio destes ante calquera protesta perante o despropósito. Os argumentos clasistas, negacionistas, elitistas, menti-

reiros xa son vellos. Resulta que non nos deramos conta, pero temos unha lingua xa normalizada, que non necesita ningunha protección especial e á que só hai que dinamizar. Abonda con dicir que co bipartito e co anterior decreto -que estivo en vigor ano medio- o ensino era totalmente en galego, que o castelán está en perigo, aparecer nuns cantos telexornais e listo. Claro, isto serve para os/as que pensan que o galego contamina e que deben apartar os seus fillos e fillas desta lingua que son incapaces de aprender. Seguen inoculando a mentira na sociedade fráxil e disposta a aceptala. Non espere-mos que Lorenzo diga a verdade, pero tampouco fiquemos chorando o domingo á tarde. Isto depende de nós. De ti.



A.Q.